

Informe 3/2008 de 27 de maio de 2008: ADXUDICACIÓN DUN CONTRATO A UNHA EMPRESA QUE NON ESTÁ CLASIFICADA.

ANTECEDENTES

Polo Secretario Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia solicítase informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa que literalmente di:

“A Dirección Xeral da Función Pública, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ten atribuída entre outras, a elaboración e tramitación das convocatorias de procesos selectivos para o ingreso nos corpos e escalas da Administración xeral e especial da Xunta de Galicia.

Durante o ano 2008 a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por medio da Dirección Xeral da Función Pública, ten que levar a cabo os procesos selectivos de persoal laboral e funcionario correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2007 e iniciar os correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2008.

Durante os meses de xuño a decembro de 2008, a Dirección Xeral da Función Pública proxecta realizar diversos exercicios dos procesos selectivos correspondentes á oferta de emprego público (OEP) do ano 2007, e á próxima do ano 2008.

Conforme ao anterior, esta Consellería ten que proceder á contratación do Recinto Feiral da Fundación Semana Verde de Galicia ubicado na localidade de Silleda, para o desenvolvemento dos exercicios correspondentes aos procesos selectivos para o ingreso na Xunta de Galicia, que realizaranse a partir do 2008.

Para a celebración destas probas selectivas, é imprescindible contratar o citado Recinto Feiral, por ser o único existente en Galicia que ten a infraestrutura necesaria para dar cabida a preto de 12.000 persoas que se presentan ás oposicións mais masivas, xunto co persoal preciso para a organizar as devanditas probas (persoal da Dirección Xeral da Función Pública, servizos do 061, policía autonómica e garda civil, e persoal de servizos de informática, megafonía, mantemento, etc.) que son aproximadamente unhas 500 persoas máis.

Así mesmo, os espazos do Recinto Feiral (pavillóns números 1 e 2 e coliseo) son os únicos que permiten acoller á masiva afluencia que, en poucas horas, se concentra para a realización dun exercicio, entre as que existe un importante número de persoas discapacitadas con problemas de mobilidade (preto de 100 aspirantes en cadeiras de rodas), posibilitando tanto os accesos como os propios recintos, aseos e zonas comúns a deambulación sen barreiras arquitectónicas.

Por outro lado, a localización xeográfica do Recinto Feiral, en Silleda, permite facilitar á entrada e saída de múltiples vehículos, evitando problemas de atascos ou de aparcamento que serían frecuentes en outras localidades. É de destacar que para estas probas se desprazan preto de 10.000 vehículos particulares e de 50 autobuses,

que as academias de formación de Galicia e o resto de España, poñen a disposición dos opositores. Circunstancias que tamén determinan a idoneidade deste recinto feiral.

Por último este recinto feiral, e debido á celebración consecutiva durante varios anos destas oposicións nesta ubicación, supón a referencia a nivel de Galicia, para a celebración deste tipo de procesos selectivos máximos, así como para os efectos organizativos da Dirección Xeral da Función Pública en base á experiencia acumulada durante estes anos.

Este expediente tramitarase polo procedemento negociado sen publicidade, ao abeiro do disposto no artigo 210.b) do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das administracións públicas, por considerar ao Recinto Feiral da Fundación Semana Verde de Galicia, como a única entidade que reúne as condicións técnicas e específicas necesarias para poder encomendarlle o obxecto do contrato obxecto de licitación.

Por último é preciso sinalar que, se ben o artigo 25.1 do TRLCAP esixe o requisito indispensable da clasificación do empresario nos contratos de servizos cun orzamento igual ou superior a 120.202,42 €, no mesmo artigo no apartado 3 admítase a posibilidade de excepcionar o cumprimento de dito requisito, requiríndose a autorización do consello da Xunta e que existan razóns de interese público que posibiliten a antedita autorización.

Nesta contratación, a necesidade de proceder ineludiblemente a contratar a prestación de servizo coa Fundación Semana Verde de Galicia queda reflíctaa nos parágrafos anteriores, polo que, de non estar clasificada, non podería realizar esta prestación, ocasionándose un grave prexuízo ós dereitos de miles de aspirantes que terían que realiza-las probas no recinto de Silleda.

Ante a única posibilidade, por razóns técnicas, de que as probas teñan que realizarse no recinto de Silleda xestionado pola Fundación Semana Verde de Galicia é polo que se cree necesario que, por interese público, se proceda polo acordo do Consello da Xunta á excepcionar a esixencia de clasificación nesta contratación (artigo 25.3 do TRLCAP).

Neste senso cabe recordar a natureza da Fundación da Semana Verde de Galicia, declarada de interese galego (Orde do 10 de xullo de 1991, DOG num. 140, do 23/07/1991), cunha participación maioritaria da Xunta de Galicia, cuxa representación, goberno e administración correspóndelle de maneira exclusiva ó seu padroado integrado, entre outros, polo Presidente da Xunta de Galicia, polos titulares de varias Consellerías e representantes de Corporacións Locais

Polo exposto **proponse** a V.E., que se o estima adecuado, preste a súa conformidade a esta memoria e acorde eleva-lo ó Consello da Xunta de Galicia, ca finalidade de proceder á excepcionar a esixencia de clasificación á Fundación Semana Verde de Galicia ó obxecto de poder contrata-la prestación do servizo para a prestación de traballos de apoio á Dirección Xeral da Función Pública na organización de probas selectivas."

Achégase a seguinte documentación:

- Prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas que rexen nesta contratación
- Informe sobre o prego de cláusulas da Asesoría Xurídica

CONSIDERACIONS XURÍDICAS

A teor do disposto no artigo 2.2 do Decreto 237/2007, de 5 de decembro, polo que se crea a Xunta Consultiva de Contratación da Comunidade Autónoma e se regulan a súa composición e funcións, este órgano consultivo asume as competencias para emitir informe con carácter preceptivo nos supostos en que así se estableza na normativa estatal básica sobre contratación administrativa.

Tratándose dunha solicitude sobre a posible adxudicación dun contrato de servizo a unha empresa non clasificada procede indicar que o TRLCAP, dispón, no seu artigo 25.3 que *“excepcionalmente, cando así sexa conveniente para os intereses públicos, a contratación con persoas que non estean clasificadas poderá ser autorizada polo Consello de Ministros, previo informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, no ámbito da Administración Xeral do Estado. No ámbito das Administracións das Comunidades Autónomas a devandita autorización será outorgada polos órganos competentes”*.

Dado o carácter de normativa básica do artigo antedito enténdese competencia deste órgano a emisión deste informe preceptivo previo o seu sometemento á aprobación do Consello da Xunta de Galicia a fin de que poida autorizar a contratación de referencia.

Vixente dende o 30 de abril de 2008 a nova Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector público, cabe indicar sen embargo que, o amparo do disposto na súa Disposición Transitoria primeira para os procedementos negociados, o expediente, o ser informado o prego de cláusulas administrativas particulares con data 24 de abril de 2008, enténdese iniciado antes da entrada en vigor da lei e, polo tanto, réxese polo Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante TRLCAP) aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño.

Respecto o asunto da petición, atopámonos en primeiro lugar como suxeitos do contrato, dunha banda, á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e doutra, á Fundación Semana Verde de Silleda, propietaria do Recinto Feiral da localidade do mesmo nome, onde a Xunta de Galicia pretende realizar as probas de ingreso de persoal nos corpos e escalas da Administración xeral e especial.

A fundación, clasificada como benéfico-privada e declarada de interese galego polas Órdes da Consellería de Presidencia e Administración Pública de 9 e 10 de xullo de 1991, incardínase no perfil de "fundación do sector público" definido e regulado no capítulo X da *Lei 12/2006* de fundacións de interese galego, toda vez que, segundo a consulta remitida ten "*participación maioritaria da Xunta de Galicia*" e a súa "*representación, goberno e administración correspóndelle de maneira exclusiva o seu padroado integrado, entre outros, polo Presidente da Xunta de Galicia, os titulares de varias Consellerías e representantes de Corporacións Locais*".

Descartadas polo órgano xestor as opcións de facer unha encomenda de xestión -ante a posibilidade de considerar á Fundación como medio propio segundo o artigo 60.3 da lei de fundacións antedita-, ou de asinar un convenio de colaboración que, en calquera caso, polo seu obxecto, entraría no ámbito de aplicación do TRLCAP segundo o artigo 3.1.d) do texto legal, a única cuestión que debe ser abordada por esta Xunta Consultiva é a de si resulta procedente que o Consello da Xunta de Galicia, ó amparo do artigo 25.3, autorice a celebración do contrato administrativo de referencia.

O respecto, reiterar que a autorización do Consello da Xunta como substitutoria do sistema de clasificación ten carácter excepcional e só pode ser usado nos casos en que concorran circunstancias tamén excepcionais, toda vez que o réxime xeral ven establecido no parágrafo 1 do artigo 25 do texto legal segundo o que "*para contratar coas Administracións Públicas a execución de contratos de obras ou de contratos de servizos ós que se refire o artigo 196.3, (...) por presuposto igual ou superior a 120.202,42 euros, será requisito indispensable que o empresario teña obtido previamente a correspondente clasificación*".

Faise constar na consulta que a fundación antedita, titular do Recinto Feiral, aínda que non ostenta a clasificación requirida como empresa de servizos, e a única que pode, con carácter exclusivo, realizar o servizo obxecto da licitación. Segundo o prego de prescricións técnicas aprobado, na selección das instalacións propostas onde se van a celebrar as probas de acceso tivéronse en conta unha serie de parámetros priorizados dos requisitos que deberíanse cumprir (espazo, vixiancia e seguridade, servizos de limpeza, operarios en tarefas de montaxe e mantemento, achega de medios técnicos de megafonía e audiovisuais, regulación de aparcadoiros), así como unha localización con accesos idóneos para o transporte público e privado procedente de tódolos puntos de Galicia.

As características especiais do contrato, polas circunstancias tamén especiais que o motivan, posto que se trata non só do arrendamento dun local senón da achega dun aparato técnico e loxístico e unha infraestrutura particularizada o momento puntual da realización de probas de acceso as que acoden miles de persoas que necesariamente han de desprazarse con

motivo da celebración das oposicións, unido á duración limitada do obxecto do contrato determina que se considere conveniente ó interese público a contratación coa fundación seleccionada, aínda que no se atope clasificada coa indicación expresa de que, tal e como recolle o prego de cláusulas administrativas particulares aprobado, iso non a exime da obriga de aportar ó procedemento de licitación documentación acreditativa de ter solvencia técnica e económica considerada suficiente para o desenvolvemento do contrato.

CONCLUSION

Polo exposto, a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa entende suficientemente xustificado que pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia se considere conveniente aos intereses públicos a celebración dun "contrato de servizo para a prestación de traballos de apoio á Dirección Xeral de Función Pública na organización de probas selectivas" coa Fundación Semana Verde de Silleda e se someta ao Consello da Xunta para a súa preceptiva autorización ao amparo do disposto no artigo 25.3 do Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.